

EDUARDO GONZÁLEZ-PONDAL

ABENTE



1.-Traxectoria.

Eduardo González-Pondal Abente, nado en Ponteceso o 8 de febreiro de 1835 e finado na Coruña o 8 de marzo de 1917, foi un poeta rexionalista galego.

O derradeiro irmán de entre sete fillos nunha familia de orixe fidalga enriquecida coa emigración a América, Eduardo Pondal quedou orfo de nai ao ano de nacer, seu pai era comerciante. Estudou dende 1844 gramática latina na escola en Vilela de Nemiña. En 1848 instalouse en Santiago de Compostela para cursar o Bacharelato en Filosofía e, a seguir, a carreira de Medicina. De estudante frecuentou o Liceo de Santo Agostiño, onde había tertulias literarias, e revelouse como poeta, co seu íntimo amigo Aurelio Aguirre. Foron a un banquete organizado en 1856 polos estudantes liberáis. Os brindes de Aguirre e de Pondal tiveron un sentido político moi avanzado. E por eles procesounos a Audiencia da Coruña que chegou a considerar deportalo ás Illas Marianas.

Ao rematar a carreira en 1860 exerce como médico militar da Armada Española en Ferrol. En 1861 fixo oposicións en Madrid ao corpo de Sanidade Militar, mais, tras conseguir un posto na fábrica militar de Trubia (Asturias), deixou a praza e abandonou de maneira definitiva a profesión médica retornando á casa paterna. O 2 de xullo de 1861 celebráronse na Coruña os primeiros Xogos Florais de Galicia, no que Pondal participou con A campana d'Anllóns, o seu primeiro poema en galego que se publicou ao ano seguinte no Álbum de la Caridad.

Pondal apenas exerceu a súa carreira médica. Retirouse axiña á súa casa paterna e alí viviu, con frecuentes viaxes a Santiago de Compostela e á Coruña, onde concurría á librería de Carré, chamada a "Cova Céltica", na que mantiñan un parladoiro Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Florencio Vaamonde, Evaristo Martelo Paumán, Manuel Lugrís Freire e outros. Pondal asumirá entón o papel de "bardo" da nación galega.

No ano 1877 saíu Rumores de los pinos, un conxunto de vinte e un poemas en galego e español que servirá de base a Queixumes dos pinos (1886). Esta obra recupera da versión bilingüe as composicións en galego, inclúe aínda algúns dos poemas en español. "Os pinos", xurdido das sucesivas reelaboracións de "Rumores de los pinos", conformará o himno galego, ao que Pascual Veiga lle porá música.

A saudade de Pondal, poeta da liberdade, que ansiaba levantar un pobo, oriéntase cara a un pasado que el imaxinaba libre e independente. A poesía de Pondal propónse renovar a historia.

Pondal, poeta abandeirado do movemento rexionalista, encamiñará a súa obra á recuperación da lingua e da cultura galegas e á decidida defensa da liberdade do noso pobo. A súa escrita, irá en procura de mitos autóctonos que chamen á colectividade galega para comprometela co seu futuro. Mais Pondal é tamén un excelente cultivador da poesía lírica, recreando unha paisaxe agreste inspirada nas terras de Bergantiños. Xunto coa natureza, a muller configurarase como unha das claves da súa produción lírica. No plano lingüístico, Pondal procurou a dignificación do idioma fuxindo do estilo populista da época e incorporando diversos cultismos. O trazo máis acusado da súa personalidade literaria foi, o que o levou a revisar constantemente as súas creacións, mesmo as xa publicadas. Non resulta estraño que de Os Eoas, un extenso poema épico baseado na descuberta do continente americano, non chegase a ver a luz (de feito, só foi publicado, finalmente, no 2005). Trátase, non obstante, da obra que o propio Pondal consideraba como decisiva na súa carreira e aínda para a consolidación da propia literatura galega. Facendo nela a Colón galego, Pondal pretendía universalizar Galicia e, ao tempo, o idioma galego.

Eduardo Pondal faleceu na Coruña no hotel "La Luguesa" en 1917 e repousa desde entón no cemiterio de Santo Amaro.

2.- Obra.

Pondal é o máximo expoñente da literatura do rexionalismo galego. Idealiza o pasado céltico de Galicia, que el imaxina libre e independente. O simbolismo do celtismo dentro da poesía de Pondal é claro: así como os celtas combateron heroicamente a invasión romana, os galegos deben tomar o seu exemplo e combater igualmente a opresión castelá. Os mitos creados por Pondal baséanse en dous arquetipos: o Heroe e mailo Bardo.

Tamén é interesante como poeta lírico. Xunto coa natureza, e as paisaxes da súa terra natal (a comarca de Bergantiños), o amor é outra das claves da súa poesía.

Actualmente a crítica feminista galega cuestionou parte da súa obra, por considerala expresión da violencia patriarcal contra as mulleres. Unha parte das interpretacións afirman que Pondal distingue na súa obra dous tipos de muller: un prototipo pasivo próximo ao ideal romántico, que só serve como obxecto de adoración ou de pracer, e o prototipo da "virxe celta", a doncela guerreira capaz de morrer heroicamente polo seu pobo.

Utilizou unha lingua aristocratizante, fuxindo da lingua coloquial e incorporando no seu léxico e na súa sintaxe numerosos cultismos. Para isto serviuse dos seus profundos coñecementos das linguas clásicas, remitíndose tamén en ocasións á lingua portuguesa. É famosa a súa frase no leito de morte "déstesme unha lingua de ferro, devólvovos unha lingua de ouro".

3.-Himno galego.

En 1890 o músico Pascual Veiga pedíralle unha letra para unha obra que pretendía presentar a un certame na Coruña. Eduardo Pondal compón para a ocasión o poema "Os Pinos", cuxas dúas primeiras estrofas formarían parte da letra da melodía. Aínda que a obra non chega a estrearse, o poema aparecerá publicado ese mesmo ano nun folleto do certame, así como en varios xornais galegos da emigración cubana. En 1907 a composición de Veiga será estreada na Habana é considerada dende entón Himno de Galicia. En 1981 será legalizada como himno oficial polo Estatuto de Galicia. Dende 1935 (edición da Real Academia Galega) ese poema integrouse, xunto con outros inéditos, nas edicións de "Queixumes dos Pinos".

4.-Significado da obra

O significado político da obra de Pondal foi obxecto de moitas teorías e discusións. Por unha banda é indiscutible que apela a conceptos raciais para devolver o orgullo ao pobo galego, así como para menosprezar aos casteláns, aos que considera invasores do seu país. Non hai que esquecer que no momento histórico no que se desenvolve a súa obra, as teorías raciais, foron desacreditadas.

Por outra banda o seu ideario en relación á cuestión territorial semellaba máis achegada a un iberismo federal cá un nacionalismo galego aínda por xurdir. Pondal expresa repetidamente o seu sentimento de irmandade co pobo portugués, e a súa simpatía polo catalanismo.

5.- Letra do himno galego.

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?

¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais só os iñorantes
e féridos e duros,

imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

6.-Poesía.

- Queixumes dos pinos, 1886, A Coruña: Latorre y Martínez Editores.
- Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal, edición de Ricardo Carvalho Calero, 1961, Vigo: Galaxia.
- Os Eoas: unha aproximación, 1992, A Coruña: Real Academia Galega.
- Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos, 1995, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. Edición de Manuel Ferreiro.
- Poesía galega completa II. Poemas impresos, 2001, Santiago. Sotelo Blanco. Edición de Manuel Ferreiro.
- Poesía galega completa III. Poemas manuscritos, 2002, Santiago: Sotelo Blanco. Edición de Manuel Ferreiro.
- Poesía galega completa IV. Os Eoas, 2005, Santiago: Sotelo Blanco. Edición de Manuel Ferreiro.

7.-RÚA DE PONTEVEDRA

